


*CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO*  
(XXX)



Antonio Blanco Freijeiro  
Isidoro Millán González-Pardo  
*Cartas habidas*  
(1953-1990)

XUNTA DE GALICIA



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(XXX)

Antonio Blanco Freijeiro  
Isidoro Millán González-Pardo  
*Cartas habidas*  
(1953-1990)

Edición, introducción e notas:  
**Luis Cochón**

Colaboración:  
**Laura Mariño Taibo**

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

**Directores:**

Luís Alonso Girgado  
Xosé Luís Cochón Touriño  
Ramón López Vázquez

**Consello asesor:**

Xesús Ferro Ruibal  
Anxo González Fernández  
Ramón López Vázquez  
Segundo Pérez López  
Manuel Quintáns Suárez  
Anxo Tarrío Varela  
Andrés Torres Queiruga

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Secretario Xeral de Política Lingüística:**

Valentín García Gómez

**Coordinador científico:**

Manuel González González

**Director Técnico de Literatura:**

Anxo Tarrío Varela

© Textos: herdeiros de I. Millán G.-Pardo.

© Edición, semblanzas, limiar e nota: Luís Cochón.

**Maquetación e impresión:**

SEGAOF, SL (Santiago de Compostela)

**ISBN:**

978-84-453-5173-4

**Depósito legal:**

C 2044-2014

## ÍNDICE

I. Dedicatoria .....	9
II. Semblanzas .....	13
III. Limiar .....	21
IV. Cartas .....	41
a) Correspondencia Antonio Blanco-Isidoro Millán .....	45
b) Relación da correspondencia por orde cronolóxica.....	213
c) Índice onomástico.....	216
V. Apéndices.....	223
Apéndice 1. Semblanza necrolóxica de Antonio Blanco Freixeiro, por Xosé Filgueira Valverde .....	225
Apéndice 2. <i>Curriculum</i> Antonio Blanco Freijeiro.....	231
Apéndice 3. Curriculum Isidoro Millán González-Pardo.....	245





Excavacións na Lanzada, c. 1950-51. Filgueira na esquerda; na dereita, Antonio Blanco; ó seu lado, Isidoro Millán; encrequenado, ó lado de Filgueira, Alfredo García Alén; e, fronte a el, sentado na area, Santos Junior.

## Alfredo García Alén

Era este Vestio un antigo deus local da ría de Marín, a quen chama *deo Vestio Alonieco*, en dativo latino, unha das inscricións de Lourizán que naquel entón lle foron dedicadas. Presenta a particularidade de ser ata hoxe o único deus da Galicia primitiva que se ofrece nunha imaxe non romanizada senón enxebre de todo, ruda e sinxela a un tempo. Outros deuses desta parte do país, que contra o que aseveran Estrabón por un lado e don Claudio Sánchez Albornoz por outro, foi moi relixiosa e todo o contrario de atea, presentánsenos tan á romana que se non fose polas inscricións, como no caso de *Bandua*, unha divinidade galaico-lusitana moi difundida por Ourense e Portugal, tomaríámoslos por membros do panteón grecorromano e non por deuses autóctonos dos galaicos. Vestio é diferente. No rudo relevo, máis “castrexo” que romano, que del chegou a nós, aparece de medio corpo para arriba aberto de brazos e cunhas enormes mans estendidas. Máis notable aínda é o que leva na cabeza: dous recios cornos de touro. A interpretación apenas se presta a vacilacións. Poderían, se alguén se empeña, non ser cornos de touro, senón de boi, de cebú, de búfalo...; pero de aí non saímos: son dous cornos de bóvido como dous castelos. Os paisanos de Lourizán, que o coñecían de sobra por telo empotrado nun muro, chamábano “O Demo”. Un bo día, que anda por alí [Alfredo] García Alén facendo pesquisas oi amentar “O Demo” e faltoulle tempo para saír na súa busca. Nin que dicir ten que aquela mesma noite, ou como moito á seguinte, Vestio Alonieco durmiu xa nas ruínas de Santo Domingo, que é como dicir no Museo de Pontevedra. Acabouse para el aquel doce estar alí agochado ao pé do muro, vendo pasar a xente e recreándose cos nenos que o miraban sen receo e ata impetraban a súa axuda para a lección da escola.

[A.B.F]

## *In memoriam*

Na primeira campaña de excavación na Lanzada, polo ano 1950 ou 1951, estivemos alí xuntos Alfredo [García Alén], Antonio Blanco e, con intermitencias, tamén eu. Gardo inesquencibles lembranzas da nosa convivencia naquel vran. En Alfredo se botou de ver axiña a dobre capacidade (con moitas máis, pero non tan directivas da súa vocación científica) que brillarían nel: a de excavador, que traballaba arreo e rescataba con gozo entusiasta os restos arqueolóxicos e antropolóxicos (“¡Outro difuntíño”!, anunciábanos a berros) e a de etnógrafo, que, no meu sentir, foi o seu pulo dominante, o que, de vivir máis anos, e de lograr máis acougo e saúde, maduraría nunha obra extraordinaria pola riqueza dos datos e pola solidez dos enfoques. Xa daquela Alfredo tiña sempre ollos e orellas abertos para afitar ou recoller calquera pervivencia dos testemuños etnográficos, das xentes do arredor. Aquel trato seu, franco, resolto, cordial, e, se viña ao caso, chamando as cousas polo seu nome, ganouse de seguida a simpatía dos viciños de Noalla, que nos axudaban como obreiros ou miraban o que facíamos. Establecida a comunicación, franqueaban noticias, ditos, prácticas. Tamén eu os apuntaba a par del.

Penso que foi entón, ao decatarmos de cómo encaixaba o feito arqueolóxico da ubicación en Monelos dunha necrópole soterrada cos relatos que describían o recorrido que facía en Noalla a Vela ou Veliña (=a Santa Compañía), baixando polos camiños e polos areiros cara ao mar, cando se asentou en ambos o convencemento do profundo valor indiciario ou testemuñal dos ditos e lendas etnográficas. Eran unha especie de “raios X” da antigüidade sepultada. E, no de adiante, a compenetración dos nosos enfoques e criterios, en tratando de semellantes temas, era radical.

[I.M.G.-P.]

κρεῖσσον δὲ πλοῦτου καὶ βαθυσπόρου χθονὸς  
ἀνδρῶν δικαίων καὶ γαθῶν ὁμιλίαι.

Eurípides

“Cando o Tempo, a máis sabia de todas as cousas –*sophóton hapánton*– que dicían os gregos, faga a peneira dos homes e das obras dos nosos días...”

[I.M.G.-P.]



## *II. Semblanzas*



## Antonio Blanco Freijeiro (1923-1991)

A primeira vez que en tal nome reparo, debeu ser polo 1958, ós meus dezaseis anos, coa lectura de *Musa alemá*, aquela mítica escolleita, tan só quince poemas, de seis poetas de fala xermánica: Hölderlin, Heine, Dehmel, Rilke, Agnes Miegel e Werfel, traducidos ó galego por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro, naquela edición cuase corsaria que respondía ó rubro Colección “Benito Soto”, de Sabino Torres, editor, cun prólogo exíguo de Aquilino Iglesia Alvariño, e ilustracións formidables de Rafael Alonso. (A colección dirixida daquela Emilio [Álvarez] Negreira).



Desde entón souben de corrido o poema “As Parcas” de Hölderlin que abre o poemario e “Lorelei” de Heine, prima nova que tiven da fastuosa e enigmática protagonista.

Sabida é a sorte que correu tal edición [57 páxinas numeradas en arábigo, unha páx. de respecto ao principio, máis entradiña, e portada, créditos, prólogo, índice e colofón. Cuberta a dúas cores (vermello e verde) e debuxo sen asinar pero de Rafael Alonso. Na contracuberta o exlibris que representa a Apolo tañedor de lira, e ó pé, SABINO TORRES-EDITOR (debuxante, a pluma, Rafael Alonso, baseouse nun relevo clásico). Precio: 20 pesetas.] “el día 10 de marzo de 1951, en los talleres “Gráficas Torres” de Pontevedra”, tal reza o colofón. Sorte infausta que ten contado o propio Sabino, con moita parte da edición requisada –soamente se salvaron 69 exemplares– e nunca devolta senón queimada, por xerarcas de medio pelo que encenderon a pira devoradora. Que insania ditatorial contra uns poemas que se algún delito cometeron foi o de seren postos en galego! (no exemplar que teño á vista, unha dedicatoria a pluma: “A Isidoro Millán/con todo agarimo/A. Blanco”).

Non está nada claro –contra o dicir de Sabino Torres Ferrer: *Crónicas dun tempo escondido*. Pontevedra (1930-1960). Galaxia. 2014– que Blanco puxera o alemán, e Celso Emilio a música dos versos. Coñecendo a Antonio Blanco, na altura con pulos de poeta, o resultado consensuouse entre ambos, por máis que Celso Emilio gozara de maior sona poética, pero non de maior lectura.

Tardei bastante en coñecer en persoa a Blanco Freijeiro, 20 anos despois, os que separaban as nosas idades, en Compostela, de man do meu mestre Isidoro Millán, tan achegado. É do caso que os dous, Antonio e eu, somos marinenses, aínda que de pouco vivir alí: fómonos indo, sempre nostáxicos. No 59, xa no Coro do Instituto, funme enterando que algunhas das pezas que cantabamos, foran arregladas, para catro voces mixtas, por Blanco Porto, o músico, pai de Antonio.

Na conversa, Antonio e Isidoro víanse a gusto, quitándolle cada un a palabra ó outro, ledos e ansiosos, coma os que teñen abondo que falar, detallíños que aclarar, intuicións que asentar e matizar. –Touríño (o meu apelido marinense, de mamá): e ti que fas? –Explico literatura nese pazo que se ve aí en fronte. –O colexio de San Clemente! Cando eu me fun de Santiago, semellaba baleiro. –Agora acolle o Instituto Feminino -terciou Isidoro–, o “Rosalía”. Pretextei que era hora de clase para min, e despedinme. Precisaban o tempo que non tiñan. E falaban do que tiñan entre mans, do que viría despois, sen acougo, coma pícaros. Sempre estiveran de acordo: cada un no seu, todos á súa arte, que nalgún intre haberían de coincidir: por exemplo, impartindo grego en cadansúa Facultade de Letras (Antonio, en Sevilla; Isidoro, en Compostela). Que facía un romanista coma min con aqueles dous sabios humanistas. –Ti verás! Vin que antes que nós, mestres houbo que souberon moito máis que nós, e mellor sabido.

Tiven a honra de editar as cartas habidas entre eles dous. Estas. (E quen teña vagar que se asome ós *curricula* de cada un deles. Véxanse os Apéndices 2 e 3)

Da noite para a mañá visitaron a Antonio “As parcas” do poema de Hölderlin que anosara en lingua galega:

*Mais eu xa conquerín  
apreixar docemente*

*aquilo que é máis santo no meu peito:  
a Poesía.  
Ben vido, pois,  
descanso amable das eternas somas!  
Anque iste meu cantar  
connigo non descenda, estou contente:  
vivín unha vegada coma os deuses  
e máis non é mester.*

[Quedóuseme nos ollos o titular da *despedida* feita polo seu discípulo Bendala Galán: *Un Despilfarro De Humanista*. Estou por dicir que o *despilfarro* viña de atrás: aquela xubilación inexorable ós 65 anos –nin un día máis–, cando antes (e despois) facíase e fíxose ós 70 e aínda ós 75. O certo é que lle pegaron a patada (tamén a Millán) cando exercía a madurez do seu talento de profesor insigne. Ocorrúselles a alguén preguntar quen foi o ministro de Agricultura mentras don Antonio Machado escribía *Campos de Castilla* ou Aquilino *Cómaros verdes*? Nalgunha carta conta Antonio Blanco o que para el supuxo a despedida de Sevilla: “A últimos de julio tomé posesión de la cátedra que fue de García y Bellido en la Complutense, lo que me impone ahora el *tour de force* del trasplante. No me felicites –dille a Isidoro– porque la operación es dolorosa en muchísimos sentidos” [...] “Yo tengo ahora aquí una casa comodísima, con mi patio, mi solana, mis perros y hasta mis palomas, y la voy a dejar para meterme en un piso de Madrid. Y todo para tener más influencia en pro de otros, estar pendiente de sus carreras y colocaciones, a sabiendas de que nadie me lo va a agradecer, y de que si vivo lo bastante para que me den la patada, cómo se la dieron a [Sánchez] Cantón, [y que] la gente diga, en voz más o menos baja, que ya era hora de que me dieran la patada antedicha. Esto, referido a Cantón, lo escuché yo de gente altamente situada y me dio un asco que todavía persiste”.

Que despilfarro de humanista!

[Don Xosé Filgueira Valverde escribiu por encargo da Real Academia de la Historia, a **semblanza necrolóxica** de Antonio, quen, dez anos antes, contestara ó discurso de recepción do propio Filgueira na mesma Academia. Semblanza modelar de concisión, tomada no remate, por un pespunto patético. (O texto enteiro, dámolo no Apéndice 1)].

## Isidoro Millán

A propósito de Isidoro Millán González-Pardo (1922-2009), conde de Quirós, esta mínima semblanza lírica de quen foi mestre, compañeiro e amigo, que tivo e ten en min inmenso recoñecemento. Os dous somos da Boa Vila. Chegounos un día ao Instituto, o curso xa andando, do 1959-60, para nos dar Grego, para facernos saber que o “broncíneo olifante” de Rubén Darío era unha trapallada lingüística: ‘broncíneo’ e ‘olifante’ é dicir a mesma cousa, unha tautoloxía. Agasallounos co artigo “¡Abajo las lenguas muertas!”, en clave de antífrase, para *Teucro*, periodiquiño escolar impreso. Viña Millán cunha *vera effgies* que apenas mudou cos anos, cunha calvicie, entón prematura, que levaba como se tal cousa e ata con elegancia e señorío que tiña de seu. Na clase asistíamos á aventura adoito fascinante do saber do novo catedrático, de *clave ben temperado*, as maneiras próximas e áxiles “à la page”, sagaces, nunha lingua clásica, o grego, que se foi perdendo; o ensino humanístico dun home que tanto honrou a súa cátedra en tantos outros foros. Aquela súa dición, golosa das palabras do país, as xenuínas e patrimoniais. A escolla e coído que poñía ao falar nun galego que esmorecía xa na urbe (non na contorna). Presentou no Parainfo a Otero Pedrayo: “Ergueito –don Ramón– sobor dos cons dos seus dous apelidos” (estouno oíndo). Comigo falou, falamos, sempre en galego pontevedrés, en toda ocasión. “Eu son persoa de orde, conservador e liberal, pero non da **situación**; nunca estarei coa Ditadura” tenme dito. “Teño outras lexitimidades que me afastan –*ex toto diametro*– do Réxime. Podo estar en cousas máis á esquerda ca vós”. Nós eramos daquela uns mozotes rebeldes con causa e sen ela, que nos podería vir, a rebeldía, daquel “estou mastigando estrugas” (Max Estrella) ou das “pingas de sangue xacobino (Antonio Machado). Durante máis de corenta anos de trato bastante, constante e diario cando coincidimos de profesores no “Rosalía” de Compostela. Cantas voltas non teremos dado *peripateîn* naquel claustro do Colexio de San Clemente de Pasantes, no lecer académico. Cantas veces, unha pregunta, unha dúbida, aquela separata, procuraba eu a conversa para aprender. Sigo a ser alumno de don Isidoro, aquel sabio sempre arredor de Galicia e do galego e de tantas sabedorías: epigrafía e arqueoloxía, celtoloxía e lingüística paleohispana, lingüística galego-portuguesa, toponimia, temáticas xacobeanas. Sempre tiña a man a explicación do nome de lugar polo que lle preguntabas. Estou a oír cando

lle dixen que tiña eu casa en Adoufe (Maía): “De Adulfe, é un xenitivo de pertenza, xermánico `wolf’, `terra de lobos’”. E a reviravolta: “–Por veces na toponimia galega hai un cruce semántico entre lobo e raposo, o `golpe’”. Teño en mente achegar nun volume os nomes de lugar, que son moitos centos, para os que atopou étimo acertado. (Tivo que vir Piel para confirmar *Modestus* como étimo de Moeche, segundo a proposición, nunca oída entre nós, de Millán). No 78 ou 79 non había Galego no ensino medio, recadei no Instituto un grupo de alumnos que quixeran asistir a clases de lingua e literatura galegas. Houbo para dous cursos para tres profesores: Menani Ríos Panisse, Isidoro Millán (bo era el para dicir non a cousas que lle portían) e eu mesmo que explicaba comento de textos. Digamos que foi unha actividade (fóra do horario lectivo de alumnos e profesores, e fóra do curriculum) se non prohibida, soamente tolerada pola dirección do Centro. Pero como, ao cabo, os rapaces querían que lles figurasen as notas que foron merecendo, vímonos na obriga de buscar abrigo para o noso galego, en Galicia, no apartado: Segunda Lengua Moderna y Extranjera (por entón non cursada). Pode terse dado maior alleamento lingüístico neste país? Foi profesor dalgunha das miñas fillas, ás que tanto quixo. Persoa preclara, Mestre, para todos, de gratísima recordación<sup>89</sup>.

Por Real Decerto do 29.III.1984 El Rei de España rehabilitou na súa persoa a mercede de Condado de Quirós, concedido en 1716 polo Emperador Carlos de Austria a devanceiros maternos de seu.

Iris Cochón Otero e eu mesmo, temos disposto para a imprenta un inédito de Millán, denso e moi traballado, que se ha chamar –chamouse– *Don Gaíferos de Mormaltán, X Duque de Aquitania*, por máis que o autor non deu completado o texto nin as notas.

Calquera dos alumnos de don Isidoro pode lembrar unha historia á que el adoitaba volver para que a lección quedare clara: Un príncipe céltico dos tempos de Numancia, a rexa e pequena Numancia, á que axudaron tribos galegas –escudo á par de lanza e lanza á par de escudo– na súa loita a morte contra Roma, cóntanos Paulo Orosio (*Hist.* V, 8, 1) que, ende que caiu a cidade no poder do sitiador, fora preguntado así por Escipión:

---

<sup>89</sup> En “Loito na lingüística indoeuropea”, *La Voz de Galicia*, 16-1-2003, e despois nun boletín da RAG, X. Alonso Montero escribiu unha sentida nota necrolóxica.

–“E qué cousa fixo posible esta prolongada resistencia invicta e que logo vos destróíseamos?” E Turesos, o príncipe, contestoulle, lacónico: –“Facíanos invencibles a concordia: a discordia, esnaquízounos”.

No escudo que os alumnos do instituto de Pontevedra levamos cosido no peto do uniforme, unha pequena lenda: REPLE\* CORDIS\* INTIMA\*, coa que queda dito todo.

### *III. Limiar*



A principios de decembro de 1954, en Heidelberg, cóñécense Antonio Blanco e Emilio Lledó, dous humanistas hispanos que empezaban por entón, fóra do seu país, senllas carreiras universitarias da man de profesores de primeira orde na Europa da *Guerra Fría* que lles cadrou vivir. Lledó traballaba na cátedra de Hans-Georg Gadamer, unha das grandes cabezas pensantes da segunda metade do século XX; e Blanco asistía ós cursos de Herbig, famoso etruscólogo. Lledó puido rematar alí a súa tese de doutoramento, ó conseguir a codiciada bolsa “Alexander von Humboldt Stiftung”, conseguida tamén –xa doutor– por Blanco, e ambos dous por méritos propios.

O caso é que Millán non estivo en Heidelberg, pero os outros dous relacionáronse a través del. “Esta carta tuya –correspóndelle Lledó a Isidoro– ha servido de puente entre dos épocas de nuestra vida, la de alumnos en la Universidad y esta otra gravísima y seria, donde se habla ya de “los orígenes de la Filosofía”, de auténticos temas que amenazan convertirse en enormes libros. Pero, eso es bueno”. (carta do 10-XII-1954). O que vai da licenciatura (Lledó, en Filosofía; Millán, en Filoloxía Clásica) ó doutoramento, isto é, a formación, fóra de portas (pero no berce do mellor saber), que habilita o *cursus honorum* do profesorado universitario.

Lledó e Millán foran compañeiros de facultade, e Blanco, profesor de Isidoro de Arqueoloxía Clásica en Madrid, onde se licenciou, tamén en Clásicas, e se doutorou. Blanco e Millán cursaron (Isidoro era un ano maior) no Instituto de Pontevedra, ata que este último se foi cos PP. Xesuítas, concluíndo o bacharelato no colexio que a Compañía tiña en Mondariz. Non é certo –como se ten dito– que coincidiran na universidade compostelá. Volveron verse –amais dos leceres estivais en Marín e Pontevedra– en Madrid, na universidade Central, aínda non Complutense. No 1953 realiza Millán unha estancia de estudos na universidade de Bonn e mergúllase no alemán (tan necesario daquela e mesmo hoxe) . Da morriña e da señardade en país alleo, parte este epistolario habido entre os dous.

Tiñamos lido (*supra*), parte da carta de Lledó, tan cariñosa e estimulante: “Y desde luego, ánimo y a meterte sin miedo en ese terreno del origen del vocabulario filosófico. Yo había ya trabajado sobre él y estoy entusiasmado con este tema pero mi tesis doctoral trata sólo del concepto

“poiésis” porque el Prof. Gadamer con quien trabajo aquí se empeñó en que lo estudiase, el otro le asustó un poco”.

Pouco a pouco: sabemos –porque no lo di Lledó– da propensión de Isidoro cara unha tese de doutoramento sobre a orixe do vocabulario filosófico, da que nada aparece (nin o título) en ningunha das cartas cruzadas entre Blanco e Millán. Se cadra foi tan só un proxecto inicial, dos que si se fala –“a tese”– sen mencionar o tema (antes, andou a voltas co hitita –ou hetita: o decano Moralejo pronunciaba das dúas maneiras–; como motivo de tese –véxase carta 2, en palabras de Blanco: “o con el que sea”–). Pretende Millán *ese totum* do léxico filosófico –madia leva!– cando Gadamer “se empeñó” en que Lledó se cinxise a unha *pars*: “sólo del concepto `poiésis’”. Tampouco Lledó lle facía noxo ó tema de Isidoro. Pero ó padriño poñente da tese de Emilio Lledó, o xa citado Gadamer, “lo otro” (as orixes do vocabulario filosófico) “le asustó un poco”. Lledó Íñigo adiou para a volta a Madrid, despois de dar por rematado o doutoramento, “decidí como un estudio aparte” e contando co consello de Adrados, o mesmo conselleiro tiña Isidoro Millán –recordado polo catedrático salmantino como “uno de mis mejores discípulos”–.

“Ahora bien –prosigue Lledó– tú trabaja en él como te parezca, quiero decir, limita o abarca los campos que quieras, con arreglo a ello, haría yo el mío, cuando vuelva” (tardaría en volver o –xa agora, 1955– profesor Lledó Íñigo, cando o decano da facultade Gadamer –outra vez–, lle comunicou que en Heidelberg había un lugar para el).

Segue a mesma carta: “No te preocupes pues con interferencias, nuestra densidad de ambiente intelectual no es tanta, como para que yo ahora empezase a alicortar tus vuelos científicos, cuando se da entre nosotros un caso como el tuyo”. Se hai un intre o filósofo aconsellaba “limita o abarca los campos que quieras”, agora non parecen preocuparlle as posible interferencias. O ambiente intelectual [en España] non dá para que calquera de nós impidise os teus voos científicos (parece acordarse de *Os voos da dialéctica* de Merleau Ponty). E moito máis “cuando se da entre nosotros [apud Hispanos] un caso como el tuyo”. A loanza está servida.

Pero –para acabar–: “Además como tú dices aquí hay tema para mucho y aún así ojalá que para honor de nuestra filología lo agotases completamente”.

\* \* \*

O epistolario habido, configura, por xunto, unha delicadísima tarefa intelectual, un voo dialéctico, un ensaio case que renacentista: as inquedanzas de dous mozos universitarios, que comparten querencias e degaros, pero tamén inquedanzas e desacougos: *quod iter sectabor vitae?* O entusiasmo, a ilusión, a apetencia doutros saberes, de tantas falas e culturas, a curiosidade insubornable por todo o visible ou o non visible e a erudición increíble. Desa urdime nacen as primeiras cartas –as de aprendizaxe–, as mellores porque conservan a vivencia do novo, o non explorado aínda. Esa confianza que os dous teñen do seu propio valer. Licenciados que saíron da universidade española con cualificacións meritísimas, nunha especialidade, a de Linguas Clásicas, que por fortuna seguiu dando que falar pola excelencia do profesorado, cousa extrañísima trala desfeita que a Guerra Civil supuxo para a nosa Minerva.

Moito aprenderon fóra do seu país, pero os alicerces tíñanos ben chantados. Nada había na súas aspiracións que se lle puxera por diante. Confésanse, dubidan, aprenden, aconséllanse, achéganse novas e libros, teñen tempo aínda para rir, até de si mesmos (despois da pedantería que era de esperar). Escriben nun español sen tacha, e con que donosura. Cadaquén le, de grande gusto, as cartas do outro. “Tengo una porción de cosas que comunicarte, pero me limitaré a la más importante. En primer lugar, me complace decirte que acabo de ser padre de una hermosa niña”. Para seguir: “Parece inminente –escribe Blanco– mi marcha a Alemania, pero en ningún caso será antes de enero. He recibido carta del Answärtges Amt de Bonn, dándome a entender que van a concederme el Humboldt-Stipendium, y ya he entrado en contacto con el profesor que me tiene que dar el Votum”. “Por si falla lo de Alemania, me he inscrito en las oposiciones de Archivos, Bibliotecas y Museos” (tamén firmou as cátedras de grego para Institutos). “Celebro saber [que] continúas estudiando con entusiasmo y espero que pronto me escribas más despacio y me cuentes tus aventuras con el hitita o con el que sea”.

Será agora Millán o que tome a palabra, dende Bonn a Madrid: “digo que el que en nuestros estudios vuelve la vista atrás o cree que “ha llegado” se convierte en estatua de sal. Hay mucho que hacer y aprisa”. “Estoy a mil

metros de distancia de la superstición cultural alemana, con aquellas **laudea** del “germano blondo, meditativo y sentimental” con que ahí apampanó un poco a las gentes [de] Ortega, en papel de nórdico Orfeo (quedo satisfechísimo del símil). Pero lo que es la Universidad alemana, que conjuga de manera tan sencilla la libertad con la eficiencia, yo la pongo sobre mi cabeza. El sistema, el sistema es lo que admiro, más que las grandes figuras, los profesores geniales (bastantes, menos geniales que sus colegas españoles). Después de todo, estos profesores son un fruto del sistema y, a la vez, garantía de su continuidad”. “¡Eres el niño mimado de las becas!”. “Yo, en tu caso, Blanco, mandarí a freir p.... a Fidias y demás secuaces, autores de la “obra bella”, y me dedicaría a estudiar en los toscos cacharros, en los productos de artesanía de los alfareros o de los canteros o los metalurgos del siglo IV, los rasgos y la esencia de la vida y el arte provincial, que más o menos indigenizado se prosigue en los profundos estratos de todas las tierras romanizadas del Abendland... Tréveris, Tréveris!, Blanco. Allí, en los abundantes despojos de las necrópolis y en toda la ciudad, hay un botín modesto en la apariencia, pero riquísimo en posibilidades; allí, es posible anudar en un solo lazo Filología, Arqueología y Folklores, tardía Antigüedad y temprana Edad Media, el Untergang y la Fortleben del paganismo en la Cristiandad, y conocer la encrucijada vital de la Germania y la Romania... (Releo lo escrito: toma estas consideraciones como una expansión de mi entusiasmo por Tréveris y lo que en la ciudad veo. Por otra parte, cada uno es cada uno y tú harás bien en rechazar mi alegato con un: “Filólogo, a tus filologías”).

(7 de Noviembre de 1954):

*“Querido Millán: “Lo que más me sorprende en tu carta<sup>90</sup> es tu interés por conocer mis impresiones. ¿Es que no sabes que vengo de Roma? Cuando se vuelve de Roma, amigo mío, no cabe más lenguaje que el del silencio... “porque la Verdad es muda, como la Mentira es verbosa y dicharachera”. Yo no sé si es que me he vuelto sabio de repente, pero lo*

---

<sup>90</sup> Foi publicada, como artigo: “Del Lérez al Tíber”, en *Litoral* pontevedrés, (22-XI-1954), a instancias do destinatario, que amais do título mete unha entrada: “De carta reciente de un joven destacado universitario pontevedrés que trabaja en la Universidad de Heidelberg (Alemania) como ayudante de Herbig, el primer especialista del mundo en arte romano”. O artigo, asinado coas iniciais (A.B.F.), non reproduce o primeiro parágrafo da carta nin o último.

*cierto es que no tengo gana de hablar. En adelante mostraré una cauta moderación al emplear las palabras “hermoso”, “bello”, “grandioso”... y todas las del mismo linaje. Voy a ponerte un claro ejemplo, aunque al hacerlo peque de locuaz: muchas veces he ponderado como “bellas” la Herrería de Pontevedra y la Quintana de Santiago; pero después de ver de noche la Piazza Navona de Roma –lo juré entonces allí delante de una iglesia,– nunca volveré a decir que una plaza es hermosa. Imagínate la planta de un inmenso circo rodeado de casas ocre: en el extremo del eje menor, una iglesia de Borromini; sobre el filo del eje mayor, tres fuentes con figuras gigantes –unas acostadas en el agua, vomitando chorros que se les derraman por las barbas, por los torsos, por los miembros, símbolos insuperables de ríos y océanos, de todas las aguas que por el mundo corren; otras, flotando en el aire, como auras barrocas o huracanes– figuras gigantes del Bernini. Mi único comentario a los que, impidiéndome, me preguntaban con curiosidad “¿Qué te parece?” consistió en plantarme delante de la Iglesia y decir con la solemnidad que el momento requería: “Juro ante Dios y ante estos bárbaros que me acompañan, que jamás en la vida volveré a decir que una plaza es hermosa”.*

*Toda Roma produce la impresión de que los goces del mundo han pasado y ya no caben en el alma nuevas emociones ni sorpresas. “Ahora, se dice uno, ya puedo morir tranquilo, porque el mundo no puede ofrecerme más”. Muerte y Resurrección a la vez.*

*En la Piazza Navona no pude por menos de recordar nuestra familiar e íntima Herrería, pobre florecilla silvestre, como las que nacen por azar en los resquicios de las piedras, en las cornisas antiguas, en los caminos poco frecuentados. El azar, en la belleza de Roma, no desempeña ningún papel trascendental. Allí sólo obra el ingenio, un ingenio matemático y músico a la vez que le obliga a uno a levantar la vista con unción hacia la cima estelar donde Sócrates y los suyos eternamente dialogan. He oído decir que ése es también el sentimiento que el Partenón despierta.*

*Imagínate tú la emoción que para un amante de la Antigüedad supone entrar en el Foro por el Arco de Tito; subirse a la tribuna en*

*que Marco Antonio leyó el testamento de César; descender a la sima en que se conserva el “lapis niger”; entrar en el Senado; subir al Palatino y ver en el substrato de los palacios imperiales las cabañas de la época de los reyes pastores, tan modestas como las de nuestros castros y donde aún salen —¡figúrate tú!— fragmentos de cerámica protocorintia (y si de allí tiendes la vista a lo lejos, verás por un lado el Tiber y el Circo Máximo; por otro, te mirarán a ti los enormes ojos de la Basílica de Majencio). Recorrer con ojos y manos los fríos relieves del Ara Pacis, y los cálidos frisos de la época flavia, que te dejan en los dedos el zumo de plantas vivas. El arte de los tiempos de Tiberio trasmana<sup>91</sup> la misma frialdad glacial, huraña y sepulcral que el ánimo del César; allí andan, tirados por el Foro, los pocos relieves con que contribuyó al ornato de la Basílica Aemilia. Un consejo: cuando vayas a Roma, tócalo todo; en muchos casos los dedos te transmitirán sensaciones tanto o más profundas que los ojos.”*

Poderíamos darnos un folgo, e reler esta misiva callada de silencios diante do que parece ser –Roma–, inefable, cando as verbas máis admirables: fermoso, belido, grandioso, quédanse curtas sobremaneira. [Feliz idade, *Roma, città apperta*, ano 1954, que Antonio Blanco podía ver de preto os monumentos romanos, e mesmo apalpalos: “Tócalo todo; en muchos casos los dedos te transmitirán sensaciones tanto o más profundas que los ojos”]. Agora, en Roma –hoxe– non se pode tocar nada, nin apalpar, quen di aloumiñar, imposible, ante tanto valado metálico disuasorio: Roma, de paso, para a turbamultísima de turistas, que veu a ser. “Recorrer con ojos y manos los fríos relieves del Ara Pacis”.

“Pocos alumnos de don Antonio habrán olvidado la clase que, allá por primavera, dedicaba monográficamente al **Ara Pacis**. Por la pasión –contenida, pero quizá por ello más sugerente– que mostraba al ir comentando la historia del hallazgo, la reconstrucción del altar y sus muros, el refinado esquema de los elegantes roleos poblados de ramajes y pájaros, las escenas míticas con los orígenes de roma y la pausada procesión de la familia imperial y el Senado en pleno, era indudable que, para él este monumento constituía un faro luminoso, y que el renacer cósmico que en sus mármoles se expresaba, con

---

<sup>91</sup> “Trasmana” é corrección autógrafa, así, pero talvez por “trasmína”.

la vuelta a la Edad de Oro de los **Saturnia regna**, era mucho más que una teoría caduca del pitagorismo. Ilustraba su relato con los sonoros versos latinos de la “**Bucólica IV**”, de Virgilio y con el discurso de don Quijote a los cabreros “**Dichosa edad y siglos dichosos aquellos...**”. Dando vida a dioses y acantos paganos y haciendo sentir con toda su intensidad la inmediatez y vigencia que pueden cobrar, si se sabe sentir su contenido, el neocasticismo culto y las alegorías romanas.

Ignoro por qué don Antonio Blanco jamás dedicó un estudio científico y pormenorizado a una obra que tanto le apasionaba. El mismo nos comentaba a sus ayudantes cuántos días, siendo director de la Academia Española de Bellas Artes en Roma, acechaba la mejor hora y la mejor luz para fotografiar cada uno de sus detalles.

Acaso consideró que ya había sido bastante desmenuzado el monumento por los sabios que se han acercado a él... Sin embargo, a la hora de repasar su bibliografía, todos sus intereses dentro del mundo clásico han tenido, como punto de contacto, este monumento de Augusto, tal como él lo conocía y exponía en sus clases”.

[Espléndida testemuña dun discípulo de Blanco Freijeiro, do quindenio que pasou en Sevilla<sup>92</sup> (o tempo máis feliz) para traer a lume esa xeración de arqueólogos que teremos que designar –con toda precisión– como **escola sevillana (ou andaluza)**<sup>93</sup>. Á hora de falecer don Antonio, o día de Reis do 1991, na hora homérica da “armonía do manto de azafrán do amencer”, cando menos cinco (despois virían máis) deses alumnos de

---

<sup>92</sup> Agás o período que pasou como director da Academia Española de Bellas Artes en Roma (1967-69), cargo que desempeñara (1933-35) Valle-Inclán; e aínda outro galego, o escultor noiés Felipe de Castro, no século XVIII, fixo labor semellante ó redactar un programa formativo para os pensionados españois en Roma, “Archivo de la Real Academia de San Fernando”, leg. 50-5/1, Instrucción para el director y los pensionados). De feito, De Castro dirixiu esta proto-Academia, antecesora de hoxe, polos anos mediais do XVIII. Ó parecer, ó ningún deles lle foi ben o cometido directivo.

<sup>93</sup> “Por cierto que [García y] Bellido me escribió, con la satisfacción natural en un maestro, por lo de Roma, pero lamentando que la “incipiente escuela de Sevilla” pueda malograrse, todo esto rematado con uno de sus adornos típicos: “En España no podemos vestir un santo sin desnudar a otro” (c. 16).

Sevilla, ocupaban cadansúa cátedra de Arqueoloxía ou de Historia da Arte: dous en Madrid (Complutense e Autónoma: Luzón e Bendala) os outros tres: Rosa León, en Cordoba; Lorenzo Abad, en Alicante; Corzo (Historia da Arte), en Sevilla. Luzón e Rosa León pasaran antes por Santiago. Cando gañou praza en Compostela o primeiro, escribe Blanco a Millán: “Esto me resarce grandemente de no haberla conseguido yo mismo”. Que excelso labor o de crear discípulos eminentes que no caso poideran, como así foi, suceder o mestre na súa propia cátedra! Ocupación impagable! E que discípulos tan agradecidos!] (Véxase a colección de traballos dedicados á honra do mestre, publicados pola Facultade de Xeografía e Historia da Universidade Complutense de Madrid, ano 1989).

\* \* \*

Ambos amigos posuían o don de linguas, foron consumados tradutores de idiomas clásicos e modernos, e non só como instrumentos necesarios para a consulta bibliográfica erudita: alemán, inglés, francés ou italiano (sen ir máis lonxe, discípulo sempre de Paulo Orosio –tan noso– que inventou o dominio lingüístico que chamamos Romania, movíase Millán a sabor en todas as linguas neolatinas e outras hiperbóreas); tamén polo gozo –o pracer de ler– do texto en si, para achegar a alleas literaturas no seu esplendor primixenio, tal a instalación doada do tradutor –propiedade, posesión e pertenza– nos idiomas de partida e de chegada. Supostos os niveis tradutolóxicos adecuados para a trasfega de excelencia. Así fixo Antonio Blanco (desde o alemán) para Gredos con *La edad de piedra*, de Hermann Müller-Karpé, que mereceu o Premio Nacional de Tradución de 1983; ou, en 1989 (desde o inglés), para Taurus, coa *Revolución Romana*, de Ronald Syme. [Hai unha primeira edición de *The roman revolution*, en Taurus, 1989, e outra, do mesmo libro, en Crítica, 2010. As dúas edicións teñen idéntico tradutor, Blanco Freijeiro. Na de Crítica, aparece un prólogo de Javier Arce].

Queremos traer aquí, a propósito do traballo de Antonio, a recensión dun consumado especialista, discípulo tamén:

“El profesor Blanco Blanco Freijeiro, traductor español de la “Revolución Romana”, 1989, ha dedicado unos desvelos poco comunes a la versión y edición del magistral de la primera madurez de Syme. Es infrecuente que un distinguido universitario con tan copioso

historial científico y académico propio, trabaje con tal empeño en una tarea que suele considerarse ancilar entre muchos sabios, como esta de trasladar de una lengua a otra una obra ajena por importante que sea. Pero al hacerlo, el profesor Blanco Freijeiro ha presentado un servicio muy importante a los humanistas e historiadores de habla hispánica, poniendo en sus manos una excelente y fidelísima traducción de una de las principales monografías de la Historia de la Antigüedad que ha producido nuestro siglo. Además ha demostrado la diversidad de sus talentos y la honestidad profesional de un maestro que emplea el mismo rigor al datar la inauguración del Acueducto de Segovia o al demostrar la orientalidad de la cultura tartésica, que al elaborar los índices de personas y lugares que van hacer practicable la edición española de Syme”.

\* \* \*

Mención á parte require a traslación (anosamento desde o inglés) de *Morte na Catedral*, de Thomas. S. Eliot, feita por Isidoro Millán, en galego, para Galaxia, ano 1973, á procura dos metros e ritmos grecolatinos que Eliot introduciu no inglés e que o tradutor atina a trasladar. Ben o reconece o mestre Adrados: “en un gallego precioso, parece Esquilo”. Gonzalo Torrente e Álvaro Pombo tíñanse queixado da dureza e prosaísmo das traducións de Eliot, por contra a tradución de Isidoro Millán “por lo de la suavidad y flexibilidad prosódica del gallego y los dactílicos”.



No colofón:

CO ESTA  
VERSION GALEGA DE **MURDER IN THE CATHEDRAL**  
NA OITOCENTESIMA VOLTA DO DIA MARTIRIAL  
DE  
SANTO TOMAS BECKET  
(XXIX DO NADAL DO MCLXX)  
A EDITORIAL GALAXIA E O TRADUTOR  
RENDEN HOMENAXE NO TEMPO  
Á INTEMPORAL MEMORIA  
DE  
T. S. ELIOT  
E AGRADECEN AOS HERDERDEIROS DO AUTOR,  
MRS. VALERIE ELIOT, VIUDA DO POETA,  
E Á EDITORIAL FABER AND FABER  
AS XENEROSAS PERMISSIONS OBTIDAS  
PRA LEVALA AO PRELO

\* \* \*

Tiñamos a Millán dicíndose filólogo, temos (carta 6) a Blanco nostálxico: “me acordé de nuestra remota Galicia (como sempre) y de los pocos a quienes el problema de los celtas interesa entrañablemente, entre ellos de ti”. Sabido é que Isidoro pasou a vida lidando, estudando, todo canto cos celtas (e co céltico) tivera que ver.

Na carta 48 tracexa todo un programa, preciso e sumario, encol do curso de verán que dirixirá Antonio en Pontevedra: “recibí tu carta de la que me valí tanto en mis conversaciones con la UIMP como con Tovar. He hecho más prácticamente todas tus sugerencias”.

Entre a carta 6 á 49 pasaron case que trinta anos, en celta. “Ya debieras haber tenido en tus manos mi original de la disertación de Pontevedra” [...] “Ten la seguridad de que te lo enviaré lo antes posible. Eso sí, rogándote que no lo publiques o aires hasta que no me dé tiempo a presentar la tesis, rellenando de muchos más datos y argumentos la armazón sintética de algunas conclusiones (la más fundamental: la del celtismo en la lengua) en

que consistió lo que dije” (carta 52). “Los 5 meses de la Subdirección me impidieron, contra mi suposición, tener preparada para mayo la tesis, pero si la divulgación de las Actas del Coloquio céltico se dilatase hasta septiembre u octubre, nada veo contrario a que pueda figurar en ellas una especie de píldora concentrada de mis conclusiones lingüísticas del otro trabajo [a tese], más preciso, artillado y prolijo. ¿No te parece?” Carta 23, de Antonio: “Me han elegido académico de la Historia (señal inequívoca de senectud) y estoy bregando con el discurso. La verdad es que prefería ingresar en el Frente de Juventudes, pero no se puede tener todo”. O que parece (ou intenta parecer) é que o doutoramento terá que ser antes de setembro ou outubro. Se non aparece algunha outra motivación da que se fala na carta 57: a excavación sobre Os Martores de Valga. “He leído con mucho interés tu carta; mejor dicho, la he leído tres o cuatro veces seguidas hasta empaparme bien de ella y de todos sus detalles. Después de la “introducción” del Guerra Campos, me apasiona el tema de Santiago, de modo que tendré en cuenta tu deseo de investigar Os Martores sobre el terreno” [...] “Sigo con la ilusión de recibir el artículo para “Los celtas”.

Na carta 58 de Isidoro: “para la conclusión de mi tesis, creo que se me dilatará hasta el último trimestre del año, si el veraneo y el diablo no lo añascan, el momento de responder a mi compromiso de viejo estudiantón, doctorándome en la Universidad en que me licencié”. Na mesma carta: “yo procuraré acelerar para que ello resulte posterior a mi “salida de cuentas”. Pero si no fuese así, a mí me parece que es obligado, por respeto al Tribunal y por otras muchas conveniencias, no destripar el cuento en letra impresa para el público general antes de haber yo leído y definido mi tesis en Madrid. Podrían incluso objetármela por esta razón. ¿No te parece que es así?”

Carta 59, de Millán: “Estoy atareado y apremiado para concluir un trabajo, sobre el Pavimento II de Santiago, que estaba componiendo en agosto del año pasado para Compostellanum”.

Carta 60 de Antonio: “Muchísimas gracias por la redacción de la conferencia de Pontevedra, que por su novedad y responsabilidad no me extraña haya requerido un buen lapso de tiempo y una no menos buena dosis de concentración. La he leído ya dos veces” [...] “Gracias de nuevo por tu magnífica lección”.

Carta 61, de Antonio: “Te agradezco mucho la erudita respuesta a mi consulta sobre el nombre Guisando, y me he alegrado muchísimo de que haya venido a confirmar lo que sospechaba, su derivación de wisunt. Lo que no imaginaba es que procediese del genit. plur., cosa que lo hace más interesante y seguro”.

Carta 66, de Antonio: “Y en seguida tuve la satisfacción de recibir y leer tu trabajo sobre el mosaico [do Apóstolo], que es un verdadero opus magnum. Comprendo que te haya absorbido el año sabático” [...] “No encuentro reparo que oponer a tus tesis, puesto que son varias. Tal vez yo hubiera añadido alguna nota a propósito de los sepulcros de torre de tipo mediterráneo, de los que hay una serie muy importante en el norte de África, pero tendría que estudiar el tema en concreto. Creo que la conformación que se le da es claramente la de un martyrion, pero si su ocupante era conocido, en el supuesto se tratase de Santiago ¿cómo no se le hizo en época constantiniana una basílica como a Santa Eulalia, San Fructuoso, San Vicente, etc.? A mí me desconcierta que a un apóstol mártir no se le hiciese entonces algo excepcional cuando nada lo impedía en una región de cristianismo tan floreciente como la gallega. ¿Qué motivos hubo para silenciarlo? Recuerda la cantidad de basílicas que Constantino y familia hicieron en Jerusalén, en Constantinopla, en Efeso, en Antioquía y demás iglesias de Oriente por no decir nada de Roma; recuerda lo que dice Prudencio de la basílica de Mérida. Yo, la verdad, no consigo ver claro en este asunto. Cuando estuve en el Sinaí, al pie del Gebel Musa, me preguntaron los monjes de Santa Katherina, en la creencia de que yo era paisano de Eteria, mi opinión sobre la tumba de Santiago y la verdad es que no supe qué contestarles. Y esa es otra: ¿por qué Eteria, que tanto interés tiene por los martyria, no se acuerda para nada de Compostela? Claro que a lo mejor lo hacía en la parte perdida de la peregrinatio... Esto es el cuento de nunca acabar”. [...] “admirando siempre no sólo tu discurso sino tu tesón para no dejar un cabo suelto en el tema concreto de que te ocupas”<sup>94</sup>.

Carta 72, de Isidoro: “No me puedo guardar entre pecho y espalda el triple hurra por *Los primeros españoles*. Es una preciosidad. De concepción,

---

<sup>94</sup> O discreto lector hase decatar da distancia de Antonio Blanco, escéptico, contra a “certidume moral” que adoita posuír Isidoro Millán, totalmente entregado.

de contenido y de estilo.” [...] “Los “cortes” temáticos en el hilo secuencial de la historia antigua, que rebosan todos interés y brío, atraen y enseñan más a un lector común –e, incluso, al instruido– sobre el último sentido de lo que pasó y sobre los problemas hoy vivos, que no la monotonía escolar de su relato lineal. Si los que te siguen en la serie, los practican así, sería un gran acierto. Pero es muy difícil. Además, todas las cuentas engarzan. No es una congerie de semblanzas sueltas, un conjunto de estampas, sino una exposición histórica conexas, seguible, como una sierra montañosa por sus picos. Como todo lo tuyo, está escrito el libro con una tersura, limpidez y elegancia admirables. Estilo exacto, fresco, natural, moderno y con “pointe” en los símiles alusivos y en los toques literarios. Estilo ático, pero no neoático, porque no huele al aceite de la lámpara ni hay en él lustre de “pastiche”. Perfecto. Cada vez me convenzo más de que toda exposición zarrapastrosa –¡hay tantas!–, con escaso orden, propiedad, sintaxis o estilo, responde a conocimientos confusos o brota de un cacumen por hacer, o de saldo. Todo gran historiador ha poseído un gran estilo, cada cual según su temple y manera”.

Carta 75 de Antonio: “Tengo en tanto aprecio tu libro de Pontedeume que aprovechando mi presencia en el jurado previo del Premio Nacional de Historia me permití proponerlo, aun a sabiendas de que lo iban a considerar más de Filología que de Historia. Pero por lo menos allí estuvo sobre la mesa en unión de otros similares”.

Carta 80 de Isidoro: “Me consuela de este mi predicar en desierto una carta desde Cambridge, de Colin Smith, que pone mi libro sobre Pontedeume por los cuernos de la luna. Es, como sabes, además de romanista, también celtólogo, comentador con A.L.F. Rivet, de los “place-names” de la Britania romana.” [...] “No quiero que me puedas decir que te embarco, a disgusto tuyo, en este ambicioso y definitivo proyecto; pero si, por determinación tuya propia, convienes en esta idea y la aceptas, te corresponderá a ti, como es natural, con enorme satisfacción y franca colaboración mía, ser el comandante de la nave. En arqueología tú eres del Cuerpo General de la Armada, con grado de almirante; yo, marinero, y de reemplazo, aunque no insumiso...” [...] “De este esfuerzo mancomunado, bajo tu batuta arqueológica, puede resultar una exposición autorizada en todos los órdenes, y concluyente, del mausoleo romano del Apóstol. Es lo que todos, en realidad, deseamos.”

Esta derradeira misiva e última do *Epistolario*, tronzado polo falecemento de Antonio que non chegou a ver en vida nin en morte o doutoramento de Isidoro. Cantas cousas foron adiando o seu cumprimento: hitita, micénico, celta, as orixes do léxico filosófico. Demasiados intereses intelectuais. O empeño definitivo cara a causa xacobeá. Sería de ver, ó cabo, que Isidoro seguise traballando –durante medio século– no tema nunca dito “Teodoro Metoquita” (Teodoros Metoquites, 1270-1332, grego bizantino)?

